

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE MUIENTA
CURSO: 4º
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
DEPARTAMENTO:
DATA: 8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
REPASO E REFORZO:	
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	B1.1.1 - Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	B 2.2.1 - Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.
REPASO, REFORZO E RECUPERACIÓN:	
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	B 3.1.1 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	B 3.2.1 - Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
AMPLIACIÓN:	
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	B 3.1.2 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico..
	B 3.1.3 - Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación do 3º trimestre farase segundo as instrucións da Consellería de Educación do 27 de abril de 2020 , polo que terase en conta a 1º e 2º avaliación, e de cara a avaliación final, aquelas actividades achegadas polo alumnado telemáticamente, só serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán perxudiciais para a avaliación.</p> <p>Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para a 3ª avaliación consistirán no seguimento das actividades propostas, que os alumnos/as recibirán polo medio correspondente e enviarán realizadas ao mestre e que este correxirá e devolverá aos alumnos/as, polos medios acordados en cada caso.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará o conxunto das cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, sempre e cando se beneficie ao alumnado.</p> <p>A nota numérica do área será o resultado da media aritmética da primeira e segunda avaliación, sumándolle o correspondente da terceira avaliación, que será:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 05, puntos se o alumno/a entregou a metade das tarefas propostas - 1 punto, se o alumno/a entregou a totalidade das tarefas propostas
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Unha alumna figura coa segunda avaliación de Ciencias da Natureza suspensa. É unha alumna, que desde o comezo do segundo trimestre, goza dunha situación especial de atención educativa domiciliaria, polo que as actividades para recuperar a avaliación son de reforzo e repaso dos contidos vistos na mesma.</p> <p>Criterios de cualificación: En canto aos criterios de cualificación manteranse os da programación orixinal, que resumo a continuación: 70% da puntuación obterase como resultado da media dos controis e traballos realizados. 20% da puntuación obterase da revisión periódica dos traballos da clase (libros, cadernos, fichas,...) 10% de actitude cara a materia</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: A súa mestra de atención domiciliaria, incide nos aspectos menos afianzados con explicacións</p>

	complementarias, exercicios de repaso e fichas de reforzo, que serán os medios de avaliación dos que disporá.
--	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>De recuperación: como xa dixen non hai ningún alumno/a coa materia de matemáticas suspensa, polo que non se plantean actividades de recuperación.</p> <p>De repaso e reforzo: Refórzanse os contidos traballados no 1º e no 2º trimestre, sobre todo aqueles que, aínda sido superados por todos, puideron supoñer máis dificultades no seu día. As actividades deseñadas vanse mesturando con algunha actividade de ampliación.</p> <p>Actividades de ampliación: Deseñarase algunha actividades de ampliación, xa que no momento do anuncio do estado de alarma, estabase a traballar presencialmente contidos moi relacionados cos propostos para a ampliación e non estaban a supoñer un problema para os alumnos/as. Estes novos contidos están sometidos a unha revisión e readaptación constante por parte do mestre en función da maior ou menor dificultade por parte dos alumnos/as.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As actividades serán enviadas por correo electrónico a cada un dos alumnos e alumnas. Serán explicadas mediante textos explicativos, audios ou vídeos, así como facendo referencia a páxinas do libro de texto onde se pode ampliar a lectura da información explicada. A comunicación será fluída a través do correo electrónico, que servirá tanto para preguntar dúbidas como para a entrega e posterior corrección das actividades. Para calquera dúbida puntual e excepcional, apórtase tamén o número de teléfono personal do mestre ás familias, para que fagan uso del se así o cren convinte.</p>
Materiais e recursos	<p>Correo electrónico Teléfono (chamadas, audios e whatsapp)</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.